

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE MAIO DO 2024.****Sesión 08/2024-P**

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Breogán Blanco González D. Sergio García López</p> <p>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>PERSOAL ASISTENTE</u></p> <p>D. Jorge Pedro Vázquez Solla (funcionario responsable do Padrón)</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 09.05 horas do día luns 13 de maio do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno extraordinario do Concello de Sada.

ÚNICO.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS DE DEPUTADOS E DEPUTADAS AO PARLAMENTO EUROPEO DO 09 DE XUÑO DO 2024.

Logo de terse convocado eleccións ao Parlamento Europeo para o vindeiro día 09 de xuño do 2024 mediante o Real Decreto 363/2024, do 09 de abril, polo que se convocan eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo («BOE» núm. 93, do 16 de abril do 2024), segundo o disposto no artigo 26 da Lei 5/1985, Orgánica do Réxime Electoral Xeral, o Concello debe proceder á designación dos membros das Mesas electorais, mediante sorteo público, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noneno posteriores á convocatoria.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000008

Procédese polo tanto a efectuar o dito sorteo público das Mesas Electorais para as Eleccións ao Parlamento Europeo do 09 de xuño do 2024, empregando a base de datos do censo electoral facilitada polo INE e o programa do padrón de habitantes para o sorteo dos compoñentes das mesas electorais. Obténdose o resultado que se recolle na táboa que se xunta ao final.

Ademais queda realizado un segundo sorteo, que tamén se xunta ao expediente, como anexo, resultando todos suplentes, e que se empregará de ser o caso de que se esgoten as persoas seleccionadas no primeiro sorteo como consecuencia de notificacións negativas ou escusas aceptadas pola Xunta Electoral de Zona.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 09 horas e 07 minutos do día luns 13 de maio do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual, asinado electronicamente e que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.

TÁBOA DO RESULTADO DO SORTEO:

(Omitida na publicación para os efectos da protección dos datos persoais)